



Expediente: 2024/ACMSUB/000002

Asunto: Acordo marco para a subministración de artigos de material de oficina, papel de oficina e material de imprenta. Informe relativo ás ofertas presentadas

Antecedentes

Reunida a Mesa de Contratación o día 26.06.2024 procedeuse a apertura dos sobres electrónicos únicos que conteñen a documentación administrativa e a proposta ou oferta formulada polas entidades licitadoras presentadas ao procedemento de contratación, que son as seguintes:

Empresas que se presentaron a este procedemento de contratación	LOTE 1	PAZ DISMAC, S.L.
	LOTE 2	ARTES GRÁFICAS BOTELLA GÓMEZ, S.L.
		OFFISTOCK, S.L.U.
		PUBLIPRINTERS GLOBAL, S.L.
		SANDON TECH, S.L.

En dito acto por unanimidade, a Mesa de contratación acordou determinar que a documentación presentada polas entidades mencionadas resultaba correcta e polo tanto admitir a estas empresas ao procedemento de contratación. Así mesmo acorda dar traslado das ofertas para informe por parte do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais.

As ofertas contidas nos sobres electrónicos únicos formuladas polas empresas, en relación con cada un dos lotes, son as seguintes:

LOTE 1			
Empresas	Porcentaxe de baixa no prezo	Redución do prazo de contestación á solicitude oferta	Redución do prazo de entrega
PAZ DISMAC, S.L.	41%	12 horas	48 horas





LOTE 2			
Empresas	Porcentaxe de baixa no prezo	Redución do prazo de contestación á solicitude de oferta	Redución do prazo de entrega
ARTES GRÁFICAS BOTELLA GÓMEZ, S.L.	35%	12 horas	0 horas
OFFISTOCK, S.L.U.	15%	12 horas	48 horas
PUBLIPRINTERS GLOBAL, S.L.	16,50%	12 horas	48 horas
SANDON TECH, S.L.	17,52%	12 horas	48 horas

Fundamentos xurídicos

1. Obxecto do informe

Realizada a apertura dos sobres electrónicos únicos, a Mesa de contratación da traslado a este servizo para informe. Á vista do contido das proposicións é preciso realizar a análise das ofertas presentadas.

2. Criterios de valoración das ofertas presentadas

O Anexo II dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares recolle o cadro de criterios de valoración das ofertas, criterios que son avaliados automaticamente por fórmulas, segundo os cales a puntuación a outorgar atende aos seguintes criterios:

1. Menor prezo.
2. Redución do prazo de contestación ás solicitudes de oferta.
3. Redución do prazo de entrega.

3. Inexistencia de proposicións desproporcionadas

Sinalan os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, no seu Anexo II, que no caso dos prezos, as baixas entenderanse por referencia á redución dos prezos unitarios realizada de xeito global, e aplicarase ao establecido no Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RD 1098/2001), no seu artigo 85.





En relación co lote 1, segundo o establecido no apartado 1 do citado artigo 85 RD 1098/2001, consideraranse, en principio, desproporcionadas ou temerarias as ofertas cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ao orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais. A baixa formulada na oferta presentada pola única empresa licitadora, PAZ DISMAC, S.L., a este lote (41%), supera esa porcentaxe. En consecuencia, presúmese desproporcionada a oferta presentada pola empresa PAZ DISMAC, S.L. ao lote 1.

En relación co lote 2, de acordo co disposto no apartado 4 do mencionado artigo 85, cando concorran catro ou máis licitadores, consideraranse desproporcionadas as ofertas que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a dita media en máis de dez unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se atopen no suposto indicado. Engade o referido artigo que, en todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía. Aplicando este precepto a licitación que nos ocupa, en relación co lote 2, observamos os seguintes datos:

LOTE 2				
Empresas	Porcentaxe de baixa no prezo	Baixa media aritmética	Baixa media aritmética +10 unidades	
ARTES GRÁFICAS BOTELLA GÓMEZ, S.L.	35%	21,01	31,01	11,01
OFFISTOCK, S.L.U.	15%			
PUBLIPRINTERS GLOBAL, S.L.	16,50%			
SANDON TECH, S.L.	17,52%			

Neste caso a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as ofertas é de 21,01 %, de tal xeito que, aplicando o disposto no citado artigo 85.4 do RD 1098/2001, presúmese desproporcionada a oferta presentada pola entidade ARTES GRÁFICAS BOTELLA GÓMEZ, S.L., dado que excede en máis de dez unidades (35%) a media aritmética das porcentaxes de baixa de todas as proposicións presentadas.

De conformidade co sinalado no artigo 149 da LCSP *“Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anormalidad, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro*





parámetro en base al cual se haya definido la anormalidad de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

Á vista do exposto, remítese o presente informe á Mesa de Contratación considerando que resulta procedente o requirimento a única empresa licitadora ao lote 1, PAZ DISMAC, S.L., e a empresa licitadora ao lote 2, ARTES GRÁFICAS BOTELLA GÓMEZ, S.L., para que xustifiquen o baixo nivel de prezos proposto, mediante a presentación da información e documentos que estimen pertinentes.

Pontevedra, na data que consta na sinatura electrónica

